



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DE DISTINTOS CENTROS HOSPITALARIOS E DE ATENCIÓN PRIMARIA EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E DOCENCIA CLÍNICA DO GRAO DE MEDICINA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron con data 16/4/20 un convenio de colaboración, cuxa finalidade é facilitar a participación dos profesionais sanitarios de distintos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde na impartición da docencia clínica en Medicina, para o cal a Universidade de Santiago de Compostela se compromete a ofertar aos alumnos/as do 6º curso do grao en Medicina a realización das materias prácticas de docencia clínica nestes centros.

Segundo o convenio asinado, a USC comprométese a posibilitar o acceso daqueles profesionais a través da convocatoria de OITO (8) prazas de PACS para os cursos académico 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022, que corresponderán ás seguintes áreas de coñecemento e especialidades:

- Dúas (2) prazas da área de coñecemento de Medicina na Area Sanitaria de Pontevedra - O Salnés (Medicina Interna e Dixestivo).
- Unha (1) praza da área de Cirurxía na Area Sanitaria de Pontevedra - O Salnés (Cirurxía Xeral e Dixestiva).
- Unha (1) praza da área de coñecemento de Medicina na Area Sanitaria de Ferrol (Medicina Interna).
- Unha (1) praza da área de Cirurxía na Area Sanitaria de Ferrol (Cirurxía Xeral e Dixestiva).
- Tres (3) prazas da área de coñecemento de Medicina na Area Sanitaria de Santiago de Compostela-Barbanza, no ámbito da Atención Primaria da Saúde (Centros de saúde Concepción Arenal, Valga e Porto do Son).

A USC levará a cabo as accións necesarias para promover que poidan ser convocadas con cargo ao seu orzamento, previa a asignación de recursos adecuados e autorización da Comunidade Autónoma, a partir do curso académico 2019-2020.

Tendo en conta os compromisos adquiridos polas partes asinantes en virtude do convenio asinado o 9 de outubro de 2015, unido ao feito de que se trata de formación regrada impartida exclusivamente en centros docentes do Sistema Universitario de Galicia, o réxime das axudas que se instrumentan a través do presente convenio encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

